

VIERNES, 9 de febrero de 2007

LUCES

Luxemburgo mira a Galicia

DANIEL SALGADO | 9 FEB 2007

Archivado en: Comunidades autónomas Comunicación Luxemburgo Traducciones Revistas Administración autonómica Europa occidental Prensa Europa
Galicia Literatura España Administración pública Medios comunicación Cultura

A revista *Abril*, editada por un grupo de tradutores da Unión Europea residentes en Luxemburgo, dedica o seu último número á literatura galega. Co título *Literatura Galega Agora*, a publicación repasa a contemporaneidade literaria de Galicia a través de todos os xéneros. Creación e ensaio xúntanse en *Abril* baixo a coordinación conxunta da lectora de galego da universidade francesa de Rennes, Iria Sobrino Freire, e da profesora de tradución e interpretación da Universidade de Vigo, Lara Domínguez Araújo.

"Tentamos facer unha escolma do que pode ser representativo dentro da nosa literatura", explican as coordinadoras, "que non ten porque coincidir co que se toma por representativo desde fóra". "Quixemos ofrecer un posíbel panorama do que se está facendo e pensando agora no país, e que moitas veces non chega alén do Padornelo". "Aínda que evidentemente non están todos os que son", continúan.

Sobrino e Araújo destacan que a maioría das colaboracións do número 32 da revista son inéditas. "Como sabíamos que a revista se ía distribuír en Galicia, pensamos tamén no perfil dos lectores galegos e de aí que procurásemos textos non editados até agora", comentan. Sete narradores -entre eles Camilo Franco, Samuel Solleiro, Mario Regueira, Xesús Fraga ou Anxos Sumai-, dez poetas -de Xosé Luís Méndez Ferrín a Chus Pato ou a María Lado- e catro ensaístas -"trátase de ensaios, non de panorámicas", salientan as encargadas da recolleita, "arredor dos diferentes xéneros literarios"- elaboran o material de *Abril*, que aparece puntuada polas ilustracións en branco e negro do pintor luxemburgués nado en 1946 Robert Brandy.

Os contidos publicados están integramente escritos en galego. "Sabíamos que os lectores da revista serían, cando menos, lectores cunha mínima competencia en castelán", apuntan Sobrino e Araújo, "e quixemos facer unha edición bilingüe". Mais os problemas de espazo mudaron a intención inicial. "Finalmente optamos por que os textos se publicasen en galego cun breve glosario galego- castelán ao final das páxinas", afirman as coordinadoras.

Abril publícase semestralmente en Luxemburgo desde 1991. Fundada e dirixida por tradutores da Unión Europea e cun consello de redacción de cinco persoas, a revista xa ten acollido autores de máis de 35 países e dos cinco continentes. Cunha distribución baseada nas subscricións individuais, o número 32, *Literatura Galega Agora*, entrará no sistema galego de bibliotecas a través da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Malia a que a revista *Abril* se concibiu inicialmente, segundo o seu redactor José Holguera, cunha "fervorosamente buscada falta de apoios publicitarios ou institucionais", o último exemplar da publicación, *Literatura Galega Agora*, fíxose posíbel con financiamento da Consellería de Cultura da Xunta e do seu homólogo ministerial luxemburgués.

